

ENFIANDO

## TAMÉN OS LIBROS

Texto Francisco X.  
Fernández Naval  
Escritor



N acín nun tempo no que a imaxe afianzaba a súa presenza, anticipándose á hexemonía futura. Medrei no interior dun cine, nunha grande sala bautizada como Coliseo, nunha pequena cidade onde a pantalla era o xérmolo dos sonhos. Cinematográfica é a primeira lembranza que conservo e sei que vía películas antes de aprender o abecedario. Todo o anterior é certo, extensible ó mundo que chegou despois, coa presenza dun televisor no salón de cada casa, aplicable ó mundo de hoxe, coas pantallas de ordenador que reproducen en xogos as fantasías da infancia. Acotío reafirmo a miña débeda co cine, pero tamén a capacidade que os seres humanos temos para ampliar relacións, compartir territorios, descubrir e convocar amigos novos.

Amigos, velaí están os libros que descubrín moito despois daquela tarde de cine que gardo na memoria. Os libros, polos que souben que o cine está dentro de cada un de

**“Que me agardan na  
súa discreción, no seu  
silencio que non é  
distancia”**

nós, porque nos pertence a imaxe e nosos son os sonhos.

Os libros, cos que convivo e converso, ós que acudo cando estou ben e cando me sinto mal, que me agardan na súa discreción, no seu silencio que non é distancia.



Están aquí, tan próximos, quietos pero nunca fríos, calados pero non mudos, como ausentes pero non baleiros. Agardan no seu xesto descansado e conciso, quizais adormecidos, coma lagartos que anhelasen o sol dos nosos ollos. Repousan ombreiro con ombreiro, principio con final, letra con letra, compartindo andel, face contra caluga, replicándose, refacéndose, explicando o pasado, intuindo o futuro, humanizándonos. Pletóricos de voces e recendos, anuncian sen demandarnos nada, ofrecéndose coma unha flor que se abre no crepúsculo.

Están aquí, articulada formación de símbolos e cores, colección de anagramas e de signos, pacífica expresión de conflitos limitados ó territorio da páxina, á trinchera do índice. De aspecto rústico uns, afeitos á humildade do peto outros, algúns refinados e elegantes, traxe de capa ou cuberta de tea, en papel cebola ou en papel de seda, todos son naturezas diversas coma o voo e coma o canto. Grosos ou magros, altos e baixos, de discurso longo ou de expresión contida; abertos, comprensivos, tolerantes, pícnos; expansivos, coléricos, austeros, complementarios pero sempre libres, son os libros, eses ollos de mirar cara a adentro, que observan a vida – a nosa vida – co saber dun labrego sen idade que respira o devalar da tarde.

Rodéanme, non como fai a multitude, quizais coma se fosen árbores, corpos que poden limitar a percepción do bosque, pero non a densidade, non o dilatado mundo que nace neles, que se abre tras deles, nin o pracer, nin o tacto; muralla ameada circunvalando a espera, la-

birinto de verbos e, porén, sei que se os collo na man e se os inicio, virá nas súas palabras un aire, unha emoción, un latexo, unha explosión de vida e de misterio, un universo que vai máis alá dos tabiques do cuarto, unhas paisaxes nunca vencidas pola cobiza, unha paixón que alenta máis alá do meu propio alento.

Cada un deles é unha fiestra entornada que abrangue un horizonte inabarcable, a ramallada que acolle ó reiseñor, o día espreguizándose, un verso que ondea e que reloce, a metáfora que estende e alumea a intención dun epigrama ou

**“Cada libro é unha  
fiestra entornada que  
abrange un horizonte  
inabarcable”**

dun poema. Eles prenden sen acender, brillan sen deslumbrar, perturban sen destruír; son os libros, cada un tan firme e tan fráxil coma as horas que deteñen o tempo.

Os libros, pechado centro que se abre a quen vixía, a quen procura o camiño, a quen se entrega. Están aí, aquí, os libros todos, compañeiros de sonhos, se cadra prescindibles coma un adxectivo, inmutables coma un arcanxo e, porén, necesarios e inesquecibles, dispostos a se dar por enteiro, a obsequiar canto teñen, toda a inocencia, tanta lembranza, tantas vidas.

Os libros, case amigos primeiros, testemuñas últimas, o galano dos deuses. Tamén para vivir, os libros.